


III Encontro Internacional de Políticas de Intercambio no Ámbito das Artes Escénicas

A Cena Lusófona e o Centro Dramático Galego celebran na Cidade da Cultura, do 30 ao 2 de decembro, o III Encontro Internacional de Políticas de Intercambio no Ámbito das Artes Escénicas na Cidade da Cultura no que profesionais das artes escénicas de Galicia e dos países lusófonos intercambiarán experiencias e estreitarán lazos para poñeren en marcha novos proxectos culturais.

A relación entre empresa e cultura e ensino artístico serán os dous temas principais sobre os que xire un encontro que tamén acollerá a presentación do proxecto P-STAGE-IV Estágio Internacional de Actores Lusófonos, un proxecto de formación, creación artística e circulación de espectáculos levado a cabo entre Portugal, Angola, Guinea Bissau, San Tomé e Príncipe, Brasil e Galicia. Ademais, e como acompañamento desta iniciativa, realizaranse un bo número de actividades complementarias.



**III ENCONTRO
INTERNACIONAL
DE POLÍTICAS DE
INTERCAMBIO
NO ÁMBITO DAS
ARTES ESCÉNICAS**

30 NOV
2 DEC

Gaiás ~ Cidade da
Cultura de Galicia
Santiago de Compostela

III ENCONTRO INTERNACIONAL DE POLÍTICAS DE INTERCAMBIO NO ÁMBITO DAS ARTES ESCÉNICAS

PROGRAMA

VEN 30 NOV

MAÑÁ

- 10.30 h. Saída do autobús de Santiago de Compostela destino Cidade da Cultura.
- 11.00 h. **P-STAGE: Reunión dos parceiros**
Cena Lusófona (PT), Elinga Teatro (AN), AD-Ação para o Desenvolvimento (GB), Sol-Movimento de cena (BR), Centro de Intercâmbio Teatral de São Tomé e Príncipe (STP), Centro Dramático Galego (GA).
- 14.00 h. Comida de traballo na Cidade da Cultura de Galicia.

TARDE

- 16.00 h. **Recepción aos convidados.**
- 16.30 h. **Cerimonia de apertura.**
- 17.00 h. Saída do autobús da Cidade da Cultura destino Pontevedra.
- 18.00 h. **Visita a Culturgal – Feira das Industrias Culturais** (Pontevedra).
- 20.00 h. Saída do autobús da Culturgal destino Centro Cultural Novagalicia Banco.
- 20.30 h. **Espectáculo “O Profesional”, do Centro Dramático Galego** (Pontevedra).
- 22.15 h. Cea en Pontevedra.
- 00.00 h. Regreso en autobús a Santiago de Compostela.

SÁB 1 DEC

MAÑÁ

- 10.30 h. Saída do autobús de Santiago de Compostela destino Cidade da Cultura.
- 11.00 h. **Mesa redonda:**
“O ensino artístico en Galicia e na CPLP”.
Rep. ESAD | Manuel F. Vieites
Rep. Escola Municipal de Narón | Flor Maceiras
Rep. Universidade do Minho | Francesca Clare Reyner
Rep. da Aula de Teatro da Universidade de Santiago | Roberto Salgueiro
Rep. SP Escola de Teatro de Brasil | Ivam Cabral
Rep. ESMAE de Portugal | Francisco Beja
Rep. Escola de Comunicação e Artes de Mozambique | Nataniel Ngomane
- 13.30 h. **Presentación pública do proxecto P-STAGE.**
- 14.00 h. Comida de traballo na Cidade da Cultura.

TARDE

- 16.00 h. **Visita á exposición “Gallaecia Petrea”.**
- 17.30 h. **Mesa redonda: “A empresa e a cultura”.**
Antón R. Reixa | Presidente da SGAE
Xosé Cabanas | Director de Marketing de Estrella Galicia
Octavio Van-Dúnem, BES | Angola
António Geirinhas, Multitel | Angola
José Teixeira, DST | Portugal
- 20.00 h. Saída do autobús da Cidade da Cultura destino Santiago de Compostela.
- 20.30 h. **Espectáculo “A Tempestade”, Escola Superior de Arte Dramático de Galicia** (Salón Teatro).
- 22.30 h. Cea en Santiago.

DOM 2 DEC

MAÑÁ

- 10.00 h. Saída do autobús de Santiago de Compostela destino Cidade da Cultura.
- 10.30 h. **Debate: “Intercambio cultural no espazo lusófono: dificultades e potencialidades”**
- 13.00 h. Pausa café.
- 13.15 h. **Conclusións / Peche.**
- 13.45 h. Saída do autobús de Santiago de Compostela destino Cidade da Cultura.
- 14.15 h. Comida en Santiago.